

## RECOMENDACIÓNS PARA A ELABORACIÓN DAS GUÍAS DOCENTES DA ETSE (Aprobado pola Comisión de Calidade en 30/04/2015)

---

A programación docente das materias debe ser aprobada polos Consellos de Departamento e posteriormente pola Xunta de Escola. Previamente á súa aprobación pola Xunta de Centro a programación deberá ser aprobada polas respectivas Comisións de Titulación dende onde se indicará se é preciso que se realice algunha modificación ou que se complete algún apartado.

Co fin de que a programación docente se cubra da forma máis completa e poida ser aprobada polas Comisións de Titulación se achegan as seguintes recomendacións aprobadas pola Comisión de Calidade da ETSE e que serán de aplicación polas respectivas Comisións de Titulación.

1. **Memorias de títulos da ETSE adaptados ao EEES:** A información de cada materia dispoñible nas memorias dos títulos é a información de referencia para a construción da programación docente. As memorias dos títulos de Grao<sup>1</sup> e dos títulos de Master<sup>2</sup> da USC están dispoñibles na web da Universidade.
2. **Estrutura da guía docente:** á hora de cubrir a guía docente da materia é importante cubrir de forma precisa os distintos campos, tendo presente o indicado para cada materia na Memoria do seu título, onde se indican os obxectivos, competencias, tempo de estudo, etc.
  - a. **Obxectivos da materia:** Obxectivos a acadar, sinalando en grandes liñas qué coñecementos van adquirir os estudantes que cursen a materia, de acordo co especificado na Memoria do Título.
  - b. **Contidos:** Deberanse desenvolver os contidos da materia tendo en conta aqueles que se sinalan nas fichas das materias (ver Memoria do Título) diferenciando, se é o caso, os contidos a desenvolver nas clases expositivas, interactivas, de seminario e titorías.
  - c. **Bibliografía básica e complementaria:** Débese distinguir entre ambas e recoméndase propoñer un máximo de 2 obras de consulta básica. Indicar tamén se distribúense apuntes ou temas preparados polo profesor.
  - d. **Competencias:** Débense consultar as fichas das materias na Memoria do Título (competencias xerais, transversais, específicas,...). Para evitar repetir o texto de todas as competencias do título pódese incluír unha frase como: *“Contribuír a acadar as competencias recollidas na memoria do título de XXX CX1, TR1, FB2, ....* Se a materia pertence a un módulo, débense detallar as competencias de módulo que se van cubrir.
  - e. **Metodoloxía de ensinanza:** Débense indicar como é a dinámica das actividades a desenvolver nas horas expositivas, interactivas, seminarios e titorías, respectando o indicado nas Memorias de Títulos (Anexo I). É moi importante sinalar de qué forma se van desenvolver as competencias que ten que adquirir o estudante. Por último, é fundamental indicar se a materia ten programada a realización dunha visita a empresa. Neste último caso debe indicarse cal é o obxectivo concreto da visita, cal será a súa avaliación e indicar a empresa ou tipo de empresa a que se realizará a visita.
  - f. **Sistema de avaliación da aprendizaxe:** Neste apartado, o programa debe rexerse pola normativa de avaliación do rendemento académico dos estudantes<sup>3</sup> da USC e indicar explicitamente a seguinte información:
    - i. Condicións de avaliación en cada unha das oportunidades de exame (xaneiro/xuño, xullo).
    - ii. Indicar qué partes da avaliación consérvanse entre oportunidades e/ou convocatorias e as condicións para presentarse.
    - iii. Indicar o sistema de avaliación para estudantes repetidores.

---

<sup>1</sup> [http://www.usc.es/gl/servizos/sxopra/0313\\_graos\\_memorias.html](http://www.usc.es/gl/servizos/sxopra/0313_graos_memorias.html)

<sup>2</sup> [http://www.usc.es/gl/servizos/sxopra/0324\\_memorias\\_master\\_USC](http://www.usc.es/gl/servizos/sxopra/0324_memorias_master_USC)

<sup>3</sup> <http://www.usc.es/export/sites/default/gl/normativa/descargas/resavarenacaestrevcua11.pdf>

## RECOMENDACIÓNS PARA A ELABORACIÓN DAS GUÍAS DOCENTES DA ETSE (Aprobado pola Comisión de Calidade en 30/04/2015)

---

- iv. Indicar as condicións requiridas para poder presentarse a avaliación. Estas condicións son especialmente importantes cando se realiza unha avaliación continua. Para a valoración da asistencia a clase, terase en conta o disposto na normativa de asistencia a clase nas ensinanzas adaptadas ao Espazo Europeo de Educación Superior<sup>4</sup>.
  - v. Respetar a porcentaxe de avaliación indicada nas Memorias dos Títulos (ver memorias). En todo caso, debe existir unha correlación entre a tipoloxía e características da actividade a avaliar e a súa repercusión na nota final.
  - vi. Sinalar aquelas actividades que son de asistencia obrigatoria durante o período de clases, respectando o Acordo de Xunta de Escola do 04/03/2011 sobre asistencia obrigatoria a actividades docentes na ETSE<sup>5</sup> na que se fixan os procedementos e tamén a aceptación ou non do devandito requirimento por parte do Centro. Segundo dito acordo, *“deberase xustificar detalladamente a necesidade de asistencia obrigatoria ás actividades docentes”*.
  - vii. A programación docente ou guía docente dunha materia pode determinar as actividades obrigatorias que se realizarán durante o curso sen as cales non será posible a superación da dita materia. Se as actividades só poden ser desenvolvidas durante o período de clase, deberá precisarse que a non asistencia impedirá a superación da materia tanto na oportunidade ordinaria do cuadrimestre, como na oportunidade da recuperación.
  - viii. É necesario evidenciar os mecanismos de consecución e avaliación da adquisición das competencias. Nos informes de seguimento da ACSUG proponse a elaboración dunha táboa das competencias fronte os métodos de avaliación empregados para avalialas. No Anexo II sinálase un exemplo para indicar na avaliación.
  - g. **Tempo de estudos e traballo persoal:** A carga de traballo do alumno debe detallarse co nivel indicado na táboa de actividades formativas co seu contido en horas do alumno incluída na memoria do título para a materia (ver Memoria Título).
  - h. **Recomendacións para o estudo da materia:** Sinalade sobre todo aquelas materias/coñecementos que deberían dominar os alumnos que se matriculen nas vosas materias, así como recomendacións de tipo xeral.
  - i. **Observacións:** Débese indicar se vaise facer uso do Campus Virtual. Tamén é recomendable indicar os programas informáticos que se van utilizar na materia. Sinalade a lingua prioritaria que ides usar para impartir docencia (inglés, galego, castelán).
3. **Avaliación da Convocatoria Extraordinaria - Materias de Grao do 2º de semestre de 2º, 3º e 4º curso:** As materias do 2º semestre de 2º, 3º e 4º curso dos Graos deberán sinalar de forma específica as características da avaliación para aos alumnos/as que se presenten na convocatoria extraordinaria (decembro/xaneiro).
4. **Procedemento de envío das Guías Docente:** As guías docentes remitiranse a Secretaría Administrativa da ETSE, ben por correo electrónico ou ben en papel (vía correo interno), onde se destacará en cor aqueles trocos en relación a guía docente do curso actual.

---

<sup>4</sup> <http://www.usc.es/export/sites/default/gl/normativa/descargas/normaasistenclase.pdf>

<sup>5</sup> <http://www.usc.es/etse/files/u1/AsistenciaObligatoria-ActividadesDocentes.pdf>

**RECOMENDACIÓNS PARA A  
ELABORACIÓN DAS GUÍAS DOCENTES DA ETSE  
(Aprobado pola Comisión de Calidade en 30/04/2015)**

---

**ANEXO I**

Compre tender a inclusión adicional dunha maior especificación e descrición das actividades que se fai nas clases que complemente o relatorio do número de horas de cada tipoloxía que se imparten na materia. Un posible exemplo sería:

Sesión ou Semana	Tipoloxía	Contido
1º	Expositiva	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Presentación da materia que inclúe a descrición detallada da guía docente e a filosofía de traballo na materia. Elaboración dos grupos.</li> <li>• Tema 1. Fundamentos da Enxeñaría               <ul style="list-style-type: none"> <li>○ Aspecto xerais</li> </ul> </li> </ul>
2º	Expositiva	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Tema 1. Fundamentos da Enxeñaría (continuación)               <ul style="list-style-type: none"> <li>○ Regras heurísticas para a solución de problemas</li> <li>○ Bases de modelización e simulación</li> </ul> </li> </ul>
3º	Interactiva	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Análise dun caso práctico</li> </ul>
4º	Expositiva	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Tema 2. Simulación de escenarios.               <ul style="list-style-type: none"> <li>○ Análise tecnolóxica</li> <li>○ Análise económica</li> </ul> </li> </ul>
Nº		<ul style="list-style-type: none"> <li>•</li> </ul>

**RECOMENDACIÓNS PARA A  
ELABORACIÓN DAS GUÍAS DOCENTES DA ETSE  
(Aprobado pola Comisión de Calidade en 30/04/2015)**

---

**ANEXO II  
Avaliación de actividades e competencias**

Avaliación de Competencia	Actividade "1"	Actividade "2"*	Actividade "n"	Exame
CT1 <i>(Código da competencia)</i>	X			X
CE1		X		

\*Actividade obrigatoria

Sistema de calificación	%	Valor mínimo
Actividade "1"	10	3,0
Actividade "2"	10	3,0
Actividade "n"	10	3,0
Exame	70	3,0